




## Unidade

### Compreensión

tema, detective

profesións.

lugar, instrumento

aparelo

oral

finals, de contos

escrita

191

### Gramática

Texto, parágrafo e oración.

A oración: suxeito e predicado

### Ortografía

O punto e seguido, o punto e á parte e o punto final.

### Recursos

As webquests

## Antes de ler

Bilbo Bons, o protagonista da lectura, é un detective un tanto peculiar.

- ¿A que se dedican os detectives? ¿Gustaríache dedicarte a esta profesión? ¿Por que?
- ¿O seu nome recórdache algún axente secreto moi famoso? ¿Cal?



# Bilbo Bons, detective

A primeira vez que vin a Bilbo Bons estaba sentado nun banco da miña comisaría, empapado e aterecido de frío, pero máis contento ca un cuco. Como comisario xefe da policía da cidade estou afeito a tratar xente de todo tipo pero francamente, cando vin aquel home baixiño e gordo que me di, cun sorriso de orella a orella, que o sabe todo, estiven a piques de facer a parvada de poñelo no ollo da rúa. Porén, quizais por certo instinto que temos os policías, decidín concederlle cinco minutos.

O primeiro no que te fixas de Bilbo Bons é que lle falta un dente, un dos de diante, e ¡claro! cando sorrí resulta un tipo realmente feo. Pero o peor non é eso porque, en realidade, feos somos case todos. Non, o peor é que o aire escápalle polo burato producindo un asubío tan gracioso que un non pode evitar morrer de risa.

Agora que traballo decote con el, sei que non hai que fiarse das aparencias. Ser investigador é terriblemente perigoso pero non fai falta ser un James Bond para gañar; basta con ser espelido e decidido como o noso Bons.

Cando desapareceu a marsopa, toda a cidade agardaba que a policía dese con ela axiña. Os xornais dicían en grandes titulares: «¿Que están facendo coa nosa marsopa?».

Os nenos choraban, a xente chamaba á radio alporizàda, nós interrogabamos todos os que tiñan un camión cisterna e ata unha piscina na súa casa, mais non atopabamos unha solución. ¿Onde estaba Anciñas?


Tamén a porteira de Bilbo falaba do asunto:

—Señor Bons, ¿que cre vostede que fixeron coa marsopa?

O zapateiro opinaba:

—Pois eu creo que a estas alturas o becho ese xa está convertido en chuletas.

A rapaza do súper:



—É un secuestro, fixo. Seguro que piden un rescate, pobriña.

El sentíase coma cando perdes un programa de televisión do que fala todo o mundo, así que, morto de curiosidade, decidiu investigar.

Como era o seu primeiro caso, mercou un caderno novo e na primeira folla escribiu: «O caso da marsopa desaparecida». Xa estaba en camiño, o importante agora era conseguir unha boa foto do animal.

Consultou o dicionario para ver como raíos era unha marsopa (ao parecer nunca visitara o zoo, anóxalle ver presos os animais) e alí encontrou non só a definición que buscaba, senón tamén a foto dunha marsopa ben gordiña e de ollos sorrintes rebuldando no mar. Caeulle simpática, de modo que arrincou a folla e saíu á rúa na procura de pistas. Só se entretivo para pór a gabardina ben abotoada porque era moi friorento e para meter nos petos algunhas cousas que podería precisar: o caderno, un chifre, unha manchea de rosquillas, a foto da marsopa para recoñecela se a atopaba, e a súa arma favorita: unha pa desas con forma de man que venden para rañar as costas, ideal para defenderse do perigoso ladrón de marsopas ou sacar unha cacola do nariz.

¿Por onde comezar? Non podía ir pola rúa preguntándolle á xente se vira unha marsopa.

Púxose a pasear a ver que indagaba e, sen decatarse, chegou ao seu lugar favorito: o mercado, cheo de apetitosos olores e de cousas gorentosas. Gustáballe ir facer a compra ao mercado e ver o carnicero cos seus coitelos afiados cortando os bistés coma se fosen de manteiga (¡canto lle gustaría ser carnicero!) e os peixes sempre con cara de adorno, coma se non o puidesen crer («¿O que?», preguntalle a Bilbo cando mo contou. «Non sei —contestoume— quizais lles sorprenda que sexamos tan brutos os humanos»). E foi alí, no posto de peixe onde atopou a súa primeira pista.

Isabel Freire,  
*Sopa de marsopa*, Ed. Xerais.





## Comprensión

**1** ¿Cal é o protagonista da lectura? ¿Que outros personaxes aparecen?

**2** Completa este cadro no teu caderno sobre o protagonista.

| ASPECTO FÍSICO | CARÁCTER |
|----------------|----------|
| .....          | .....    |

— ¿Quen nolo describe? ¿Que efectos provoca o seu aspecto físico na persoa que o describe?

**3** Determina que caso vai investigar o detective.

**4** Indica como reacciona a cidade ante o caso.

| Os xornais | Os nenos    | A xente           |
|------------|-------------|-------------------|
| A porteira | O zapateiro | A rapaza do súper |
|            |             | Os policía        |

**5** Sinala os pasos do detective para investigar o caso.

1. Mercou un caderno novo e escribiu na primeira folla...

**6** A lectura divídese en tres partes. Completa este cadro no caderno sobre esas partes.

| PARTES   | ABRANGUE DESDE ... ATA ... | CONTIDO |
|----------|----------------------------|---------|
| Primeira | .....                      | .....   |
| Segunda  | .....                      | .....   |
| Terceira | .....                      | .....   |

**7** Redacta un resumo da lectura.

## Reflexiona

**8** O comisario xefe descríbennos o protagonista como unha persoa moi fea. ¿El considéao imoportuno para que o protagonista desenvolva ben a súa profesión? ¿Que opinas ti?

• ¿Cres que é necesario ser guapo para desempeñar ben a maioría das profesións? ¿Por que?



## Os oficios e as profesións

9 Localiza e copia todos os nomes de oficios e profesións que aparecen na lectura.

10 Ordena estes nomes de oficios e profesións.

RUR XIÁN CI

RRE DOR VA

FEI CON RO TEI

TRO NA MA

FAR CÉU CO TI MA

TE RI RIO NA VE

REI RA COS TU

RRA RO LLEI CE

— Asocia cada oficio ou profesión anterior coa súa descrición.

- Persoa que fai doces e confeitos.
- Persoa que varre as rúas.
- Persoa que asiste nun parto.
- Persoa que opera os enfermos no quirófano.
- Persoa que ten ou traballa nunha farmacia.
- Persoa que cose roupa.
- Persoa que amaña pechaduras.
- Persoa que cura os animais.

11 Relaciona cada profesión coa acción, o instrumento e o lugar correspondentes.

### Profesión

cociñeiro  
panadeira  
peiteadora  
profesor  
labrego  
albanel  
mecánica

### Accións

peitear  
fritir  
cocer  
aparafusar  
ensinar  
sementar  
construír

### Instrumentos

xiz  
tixola  
pa  
secador  
parafuso  
sacho  
ladrillo

### Lugares

salón de peiteado  
restaurante  
obra  
panadaría  
leira  
escola  
taller

12 Explica o significado destes refráns relacionados cos oficios e as profesións.

- Costureira sen dedal, cose pouco e iso mal.
  - Na casa do ferreiro, coitelo de pau.
  - Onde hai patrón, non manda mariñeiro.
  - Aprendiz de moito, mestre de nada.
- Inventa unha oración que inclúa cada un dos refráns anteriores.



## Sufijos de lugar, instrumento e profesión

Lembra que un **sufijo** é un elemento que se coloca despois dunha palabra simple para formar unha derivac



O sufixo engádelle un significado á palabra simple. Así, o sufixo *-aría* engádelle o significado de «lugar» á palabra *xoia*.

Deseguido, podes ver varios sufixos de lugar, instrumento e profesión.

### Sufijos de lugar

- dor: comedor
- aría: peixaría
- doiro: aparcadoiro

### Sufijos de instrumento

- eiro/a: azucreiro
- dor: coador
- dora: torradora

### Sufijos de profesión

- ista: dentista
- eiro: oleiro
- logo: biólogo

## Exercicios

**1** Clasifica no teu caderno estas palabras.

recibidor - artista - panadeiro - cafetaría  
relador - espremador - carnicero - astrólogo  
batedor - lavadora - miradoiro - tenista

### Sufijos de lugar

.....  
.....

### Sufijos de instrumento

.....  
.....

### Sufijos de profesión

.....  
.....

**2** Forma nomes de instrumentos engadíndolles os sufixos *-eiro/a*, *-dor* ou *-dora* a estas palabras.

calzar - leite - quentar - espremer - secar

**3** Completa este cadro no teu caderno.

| ELEMENTO | PROFESIÓN | LUGAR    |
|----------|-----------|----------|
| ferro    | ferreiro  | ferraría |
| reloxo   | .....     | .....    |
| carne    | .....     | .....    |
| pan      | .....     | .....    |
| xoia     | .....     | .....    |
| peixe    | .....     | .....    |
| libro    | .....     | .....    |
| flor     | .....     | .....    |
| ola      | .....     | .....    |

— Inventa unha oración con cada grupo de tres palabras: elemento, profesión e lugar.



## Comezos e finais de contos

da. ¿Fixácheste algunha vez en que case todos os contos populares comezan e rematan cunha fórmula? Aquí nos vemos algunhas desas fórmulas.

**1** Formade grupos de tres ou catro membros e analizade estas fórmulas de comezo e de final.

— Comentade que información vos proporcionan, se vos parecen orixinais, imaxinativas, divertidas...

### Fórmulas de comezo

pa Dunha vez, era un...

No tempo de María Castaña...

Había unha vez un...

### Fórmulas de final

...e colorín colorado  
este conto dáse por rematado,  
e o que non levante o cu  
quedaralle pegado.

...e colorín colorado  
este conto está contado;  
e por un lado e polo outro,  
ata mañá non hai outro.

...e con «esto»  
unha vella fixo un cesto.

**2** Co mesmo grupo, entrade na páxina [www.orellapendella.org](http://www.orellapendella.org) e buscade outras fórmulas de comezo e de final de contos.

— Ponédeas en común co resto da clase.

**3** Agora inventa ti unha fórmula de comezo e outra de final.

— Intenta que sexan divertidas e orixinais. Así que..., ¡pon a traballar o teu maxín!

— A fórmula de final debe ter estas características.

- Pode comezar coa expresión ...e colorín colorado ou non.
- Debe incluír a palabra *conto*.
- Ten que ter catro versos.
- Cómpre que rimen polo menos dúas das palabras finais.

— Lelle as túas fórmulas ao resto da clase.

— Escollede entre todas as tres fórmulas de comezo e as tres de final máis orixinais e divertidas.

## O conto

O **conto** é unha narración breve que nos conta unha historia que lle sucedeu a alguén nun lugar e nun tempo determinados.

Os contos poden ser **literarios**, creados por un escritor, ou **populares**, inventados polo pobo e transmitidos oralmente de pais a fillos.

— Le este conto.

### Dona Ramonita Verdes puxo un ovo

O día de fin de ano, ás nove da noite, mentres agardaba sentada no sofá para ver a mensaxe do Re, dona Ramonita Verdes puxo un ovo. Ao principio pensou noutra cousa, pero cando viu o produto cun esforzo que fixera, limpo coma a neve, do mesmo tamaño que os ovos de galiña, aquela señora bondadosa, amiga dos pobres e con sona de santa ergueuse e chamou o médico.

Molestoulle que aquel home sabio, que coidara a súa saúde durante sete décadas, se desentendese daquel xeito desabrido dun asunto tan dramático e lle dixera que avisase un veterinario. Non sabía se tomara por tola, se pretendía chamarlle besta ou simplemente a aconsellara como debía, pois en realidade non se trataba dun problema médico.

Vencendo a vergoña, dona Ramonita chamou o veterinario, un rapaz novo, a quen apenas coñecía, deulle a novidade. O home díxolle que se metese na cama e presentouse deseguida. Mandouna poñer a boca abaixo, apalpouna, díxolle que se volvese, pediulle logo que se situase en posición de galiña, que cantase cacaracá e que empurrase.

Dona Ramonita puxo outro ovo e escoitouse un trono. O veterinario ditaminou que aquilo era cousa de crego. Pouco despois, a dama, asistida polo bispo, comungaba, pedía perdón polos pecados e entregábalos a alma a Deus. Os ovos gárdanse desde entón nos sotos da Catedral, nunha caixa forte. Polo visto, leva dentro unha blasfemia capaz de desencadear a fin do mundo, cousa que ninguén se explica, porque dona Ramonita Verdes era delgada coma un fío. E unha santa.

Carlos Casar

Os contos adoitan ter un **título** e estar estruturados en tres partes: **introdución**, **nó** e **desenlace**.

— Indica cal é o título do conto anterior.

— Analiza a estrutura do conto anterior nun cadro coma este. As cores hanche axudar.

| INTRODUCCIÓN                                                                                                                               | NÓ                                                               | DESENLACE                                                                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• ¿Quen son os personaxes?</li> <li>• ¿Onde sucede a historia?</li> <li>• ¿Cando sucede?</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• ¿Que sucede?</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• ¿Como acaba a historia?</li> </ul> |



O **conto** narra unha historia que lle sucede a alguén nun lugar e nun tempo determinados. Pode ser **literario** ou **popular** e está estruturado en **introdución**, **nó** e **desenlace**.



# 1 Le e analiza a estrutura dun conto popular.

- Busca un conto popular mediante unha destas tres opcións.
  - Mira na biblioteca.
  - Pregúntalles aos teus pais e avós se saben algún.
  - Consulta esta páxina de Internet: [www.geocities.com/Area51/Shadowlands/7336/contos.htm](http://www.geocities.com/Area51/Shadowlands/7336/contos.htm)
- Leo atentamente varias veces.
- Establece o título e as tres partes que adoita ter: introdución, nó e desenlace.
- Deseguido, analiza as partes nunha táboa coma esta.

| INTRODUCCIÓN                                                                                                                               | Nó                                                               | DESENLADE                                                                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• ¿Quen son os personaxes?</li> <li>• ¿Onde sucede a historia?</li> <li>• ¿Cando sucede?</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• ¿Que sucede?</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• ¿Como acaba a historia?</li> </ul> |


# 2 Inventa un conto a partir destas imaxes.

- Lembra que lle tes que poñer un título e estruturalo en introdución, nó e desenlace.
- Emprega a fórmula de comezo e de final que inventaches na páxina 75.



# 3 Velaquí o comezo dun conto. Escribe ti o nó e o desenlace.

Había unha vez un can que vivía nunha aldea das montañas de Lugo. Levaba boa vida pero, alá no fondo máis fondo do seu corazón, tiña agochado un desexo: coñecer mundo. Un día, á tardiña, decidiuse e botou a andar...



## Texto, parágrafo e oración

O **texto** é unha unidade de comunicación que nos ofrece información sobre un tema. Acostuma estar dividido en *parágrafos*.

Os **parágrafos** expresan unha idea do tema e están separados uns dos outros por un punto e á parte. Adoitan estar formados por *oracións*.

Como xa sabes, unha **oración** é un conxunto de palabras ordenadas, unha delas un verbo, con sentido completo. As oracións están separadas unhas das outras por un punto e seguido.

— Le este texto.

### A dorna

#### Oración

A dorna é unha embarcación de pesca típica das Rías Baixas. Evolucionou cunha única vela de relinga e leva dous remos de apoio para cando vai «calma podre». Xeralmente leva dous tripulantes: o patrón á cana e o mariñeiro, ás drizas. Este último é quen se ocupa do izado da vela.

#### Parágrafo

Segundo diversos estudos, este tipo de embarcación podería ter unha procedencia viquinga, debido ás similitudes formais cos *drakkar*. Segundo esta teoría, a dorna toma recursos formais e construtivos dos navíos viquingos, que puideron chegar nas frecuentes invasións dos pobos do norte de Europa que pretendían asediar Santiago de Compostela durante a Alta Idade Media.

A dorna é unha embarcación totalmente fabricada en madeira. As cadernas sobresaen da cuberta, e forman toletes ou apoios dos remos nuns casos e noutros casos, puntos que serven de guía para a disposición de liñas. Leva un temón de gran tamaño. Coa aparición do motor mariño de explosión, a dorna sufriu un redeseño da estampa de popa. Así, introducíronlle unhas pezas de madeira que permiten colocarlle un pequeno motor foraborda.

— Responde estas cuestións sobre o texto anterior.


- ¿Cal é o tema do texto?
- ¿Cantos parágrafos ten o texto?
- ¿Que idea se desenvolve en cada parágrafo?
- ¿Cantas oracións ten cada parágrafo?



O **texto** infórmanos sobre un tema e acostuma estar dividido en parágrafos.

O **parágrafo** desenvolve unha idea e acostuma estar formado por oracións. Os parágrafos están separados uns dos outros por un punto e á parte.

A **oración** é un conxunto ordenado de palabras, unha delas un verbo, con sentido completo. As oracións están separadas unhas das outras por un punto e seguido.



## A oración

Agora que xa sabemos que é a oración, imos lembrar que a oración está formada por un **suxeito** e un **predicado**.

— Recorda como se recoñece o suxeito e o predicado nunha oración como *O albanel pon os ladrillos*.

- ¿**Quen** desenvolve a acción?

*O albanel* → **Suxeito**

- ¿**Que** acción desenvolve?

*Pon os ladrillos* → **Predicado**

O suxeito e o verbo sempre **concordan** en persoa e número.

O albanel                      pon os ladrillos.



**3.<sup>a</sup> persoa, singular**

**1** Separa este texto en parágrafos.

### A centola

A centola é un crustáceo que se adapta aos fondos mariños, protexéndose na súa grande armadura: unha casca cuberta de espiñas. É habitual vela coas patas recollidas e cuberta de pequenas algas polos fondos de penedos e area. Alí pasa desapercibida ao quedar parada. Estrelas de mar, algas e moluscos son as súas presas preferidas. Pode chegar a pesar máis de 4 kg. O seu tamaño mínimo de comercialización para a casca é de 12 cm. Se tropezas con ela no verán mentres te mergullas, respéctaa. Está na súa época de veda, e a súa conservación futura depende de que saibamos respectar os tempos do mar.

- Establece cal é o tema do texto.
- Identifica a idea que desenvolve cada un dos parágrafos.
- Determina cantas oracións ten cada un dos parágrafos.

**2** Inventa un texto con estas características.

- Tema libre.
- Dous parágrafos.
- Cada parágrafo terá tres oracións.

**3** Ordena estas palabras e forma oracións.

rapaza Esa ben. moi conduce sempre

saíron Todos pavillón. do espectadores os

carniceiro carne de calidade. boa O vende

conductor autobús parou non O do parada. nesa

— Identifica o suxeito e o predicado das oracións anteriores.

**4** Inventa dous predicados para cada un destes suxeitos.

O veterinario

Unha tartaruga

Os zapatos de charón

O autobús da escola

O esquí desa árbore

## O punto e seguido, o punto e á parte e o punto final

— Le este texto.

### Punto e seguido

#### Os canguros

Durante moito tempo os canguros foron considerados como animais estraños! Os primeiros exploradores describílos dicían que as súas cabezas eran coma as dos cervos, pero sen cornos; poñíanse de pé co o home e saltaban coma as ras. Todo isto, xunto coa aparencia das femias coa súa cría, coma seres dúas cabezas, fixo que os exploradores non falasen destas criaturas nas súas narracións cando retornaban aos seus fogares. —

#### Punto e á parte

Os canguros posúen unhas patas traseiras longas e poderosas, uns pés longos para brincar, unha longa cauda que lles axuda co seu equilibrio, e unha cabeza pequena. Os canguros, coma todos os marsupiais, teñen unha bolsa, coñecida como marsupio ou bolsa marsupial, na cal a cría se desenvolve despois de que termina o parto.

Os canguros son os únicos animais grandes que empregan os brincos para se desprazar. A velocidade á que adoitan brincar os canguros vermellos é duns 20-25 km/h, pero poden chegar a brincar ata aos 70 km/h nas distancias curtas. —

#### Punto final

— Relaciona adecuadamente no teu caderno:

- |                             |                              |
|-----------------------------|------------------------------|
| • Usamos punto e seguido... | ...ao final dun parágrafo.   |
| • Usamos punto e á parte... | ...ao final do texto.        |
| • Usamos punto final...     | ...ao final de cada oración. |

### Exercicios

**1** Copia este texto no teu caderno e puntúao correctamente.

#### As aves

As aves varían moito no seu tamaño, desde os minúsculos carrizos ata especies de gran porte como a avestruz e o emú. Cómpre ter en conta que todos os paxaros son aves, mais non todas as aves son paxaros. Os paxaros están incluídos na *Orde Paseriformes* e constitúen a orde máis rica, ou sexa, con maior número de especies dentro do grupo das aves.

A maioría das aves caracterízanse polo voo, pero algunhas non poden voar ou presentan voo limitado, unha característica considerada secundaria, ou sexa, adquirida por especies «novas» a partir de ancestrais que si conseguían voar. Moitas outras especies, particularmente as insulares, tamén perderon esa habilidade. As especies non-voadoras inclúen os pingüíns, a avestruz, a kiwi, e o extinto dodo. As aves non-voadoras son especialmente vulnerables á extinción por mor da destrución e a fragmentación do hábitat, a polución e a introdución de plantas e animais exóticos, mamíferos en particular.

— Indica que tipo de punto é cada un dos que vas poñendo.

## As webquests

Unha **webquest** é unha actividade estruturada e guiada que se desenvolve coa axuda de Internet. Adoita ter varias partes:

- Unha **introdución** na que se presentan a webquest e o propósito que se persegue con ela.
- As **tarefas** que deben desenvolver os alumnos.
- O **proceso** que deben seguir.
- A **avaliación** da webquest.
- Unhas **conclusións** finais sobre o proceso e o resultado da webquest.

En Internet podemos atopar variadas propostas de webquests en galego, adaptadas a diferentes niveis educativos e materias.

http://www.edu.xunta.es/contidos/phpwebquest/procesa\_index\_todas.php

phpwebquest

| TIPO     | TÍTULO                                         | NIVEL      | MATERIA                    | AUTOR                 |
|----------|------------------------------------------------|------------|----------------------------|-----------------------|
| webquest | A ROMANIZACIÓN EN ESPAÑA E GALICIA             | Secundaria | Ciencias Sociais           | Hélia Longueira Nalón |
| webquest | A REPRESENTACIÓN DE PERSONAXES MITOLÓXICAS     | Secundaria | Cultura Clásica            | Hélia Longueira Nalón |
| webquest | Anacos de literatura galega                    | Primaria   | Lingua Galega e Literatura | Centros Educativos    |
| webquest | As vivencias de Mozart                         | Secundaria | Música                     | Centros Educativos    |
| webquest | Coloquio a María Mariña Carou                  | Primaria   | Lingua Galega e Literatura | Norberto Blanco Duro  |
| webquest | Elm of Gormes trip                             | Secundaria | Lingua                     | Isabel Díaz Olvera    |
| webquest | Elm of Gormes trip                             | Secundaria | Lingua Galega e Literatura | Centros Educativos    |
| webquest | GUSTAME: ACTIVIDADES AGRARIAS                  | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: ARTES GRÁFICAS                        | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS      | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: ADMINISTRACIÓN                        | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: COMERCIO E MARKETING                  | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: COMUNICACIÓN, IMAXE E SON             | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL              | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: ELECTRIFICACIÓN E ELECTRÓNICA         | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: FABRICACIÓN MECÁNICA                  | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: HOSTALARÍA E TURISMO                  | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: IMAXE PERSONAL                        | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: INDUSTRIAS ALIMENTARIAS               | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: INFORMÁTICA                           | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: PAPERERÍA E MOBILE                    | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: MANTENIMENTO DE VEHÍCULOS AUTOMÓVILES | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: MANTENIMENTO E SERVICIOS A PRODUCCIÓN | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: QUÍMICA                               | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: SANIDADE                              | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |
| webquest | GUSTAME: SERVICIOS                             | Secundaria | Outras                     | Centros educativos    |

[http://www.edu.xunta.es/contidos/  
phpwebquest/procesa\\_index\\_todas.php](http://www.edu.xunta.es/contidos/phpwebquest/procesa_index_todas.php)

Entrade na páxina anterior e seleccionade unha webquest adecuada ao voso nivel educativo.

Propoñémosvos unha destas:

- Anacos de literatura galega
- O magosto
- Os símbolos de Galicia

Levade a cabo a webquest elixida.

http://www.edu.xunta.es/contidos/phpwebquest/webquest/votoprog/tema2014\_e.php?\_ACID=27764\_PAGINA=1

Anacos de literatura galega

Introdución

Imos coñecer a vida e a obra dunhas escritoras galegas dos nosos tempos. Conhecemos algún? Poderías dar o nome de poetas, dramaturgos ou narradores galegos vivos que escriben na nosa lingua? Tradicionalmente, nas clases, poucas voces se chegan a abordar as creacións das mulleres que configuran o mapa literario do século XXI. Queres achegarte a elas? Axudámonas con esta webquest. Deberás recoller a información seguindo as indicacións que che damos na clase. Será un traballo individual, polo que a responsabilidade sobre el depende unicamente de ti. O xeito de presentación, os contidos, o desenvolvemento e o resultado sempre que o resultado sexa un texto lizible, manexable e que empregue unha linguaxe non discriminatória nin sexista.



# Para acabar

## 1 Le con atención este conto.

Unha vez era un pastor, e **o raposo comíalle as ovellas todas**. O pastor xa non sabía como había de facer, así que chamou polo raposo e díxolle:

—Mira, raposo, ti e mais eu non podemos seguir así. Propóñoche un trato.

—¿Que trato é? —preguntou o raposo.

—A ver, logo. Eu sei que a ti che gustan máis as galiñas que as ovellas, ¿non si?

—Home, para que o vou negar... Pero as galiñas telas gardadiñas na casa, e as ovellas téñoas máis man no monte.

—Pois mira. Se ti non me comes máis ovellas, eu tráioche da casa un saco cheo de galiñas das máis gordas que teño.

**O raposo lambía o fociño moi contento**, pensando nas galiñas, e dixo:

—¡Trato feito! Pero mira ben que mas vaias traer, porque se non mas traes...

—Non te preocupes, ho, que mañá á primeira hora xa as tes aquí.

**O pastor marchou para a casa**. Á mañá seguinte encheu un saco de cans e volveu ao monte. O raposo xa o estaba agardando, e preguntoulle ao pastor:

—¿Que? ¿Traes aí o que me prometiches?

—¡Traio, ho! Aquí tes as galiñas que che prometín.

E puxo no chan o saco cheo de cans. **O raposo achegou o fociño ao saco** para ver se lle ulía ben. dixo:

—Ai, galiñas serán,  
pero a min cheirar...  
¡chéiranme a can!



Pero o raposo tiña ganas de ver as galiñas e abriu o saco. Entón, os cans botaron a correr atrás del... ¡disque o raposo aínda está correndo hoxe!

## 2 Propón un título para o conto anterior.

## 3 Sinala a introdución, o nó e o desenlace do conto.

## 4 Identifica a fórmula de comezo e a de final que aparece no conto anterior.

## 5 ¿Que nome de profesión aparece no conto? Indica unha acción, un instrumento e un lugar relacionado con esa profesión.

## 6 Escribe nomes de profesións que teñan estes sufixos: *-ista*, *-eiro* e *-logo*.

## 7 Identifica o suxeito e o predicado das oracións destacadas no conto.

— Inventa outro predicado para as oracións anteriores.